

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Sabeliña e a moura do Nogueiral*

Sabeliña era unha nena de Proendos, Sober (Lugo), que alindaba o seu gando no Nogueiral cando un día se lle presentou unha señora de cabelos loiros que lle pediu de favor que a peitease.

A nena peiteouna e a señora en agradecemento meteulle algo no mandil, e logo díxolle que non o mirase ata chegar á casa.

Pero Sabeliña non agardou; cando lle pareceu abriu o mandil e o que viu non foi outra cousa ca carbóns.

Cando chegou á casa disposta a contarlle a súa nai o que lle pasara, sacudiu o mandil e viu que quedaba un anaco do que lle dera a señora, pero o que antes era carbón agora brillaba coma ouro. Era un pedra de ouro.

Volveu ao Nogueiral a todo correr pero a moura non a recibiu ben, prendeuna por un dedo dun pé e levouna canda ela ao seu mundo soterrado. Alí dentro meteuna nunha caldeira de aceite fervendo.

Como a nena desapareceu, os pais, familiares e veciños comezaron a buscala. Cando chegaron ao Nogueiral berraron por ela:

□ ¡Sabeliña, Sabeliña!

Rrespondeulles a voz da señora:

□ ¡Sabeliña, Sabelón,

derretida en aceitón!

¡Sabeliña morta é

por unha deda do pé!

## BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.